

MONFORTE DE LEMOS*Anuncio***CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE CATRO AUXILIARES DE POLICIA LOCAL**

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de febreiro de 2020 aprobáronse as bases da convocatoria indicada.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ao modelo que figura na páxina web do Concello de (www.monfortedelemos.es).

A presentación das solicitudes farase no Rexistro de documentos do Concello en horario de nove a dúas ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de DEZ (10) días hábiles a contar dende o día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Se as instancias non son presentadas no rexistro do Concello os aspirantes deberán comunicalo o mesmo día da presentación ben ó fax 982404812 ou ó correo electrónico rrhh@concello.demonforte.com.

As bases poden ser consultadas na web municipal (www.monfortedelemos.es) e no taboleiro de anuncios.

Monforte de Lemos, 17 de febreiro de 2020.- O ALCALDE, José Tomé Roca .

R. 0413

*Anuncio***LISTA DE AGARDA PARA A COBERTURA, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL, DAS VACANTES E AUSENCIAS DA ENFERMEIRA DO INSTITUTO MUNICIPAL DE DROGODEPENDENCIA DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.**

En Xunta de Goberno Local de data 10 de febreiro de 2020 aprobáronse as bases da convocatoria indicada.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ao modelo que figura na páxina web do Concello de (www.monfortedelemos.es).

A presentación das solicitudes farase no Rexistro de documentos do Concello en horario de nove a dúas, ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de VINTE (20) días hábiles a contar dende o día seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Se as instancias non son presentadas no rexistro do Concello os aspirantes deberán comunicalo o mesmo día da presentación ben ó fax 982404812 ou ó correo electrónico rrhh@concello.demonforte.com.

As bases poden ser consultadas na web municipal (www.monfortedelemos.es) e no taboleiro de anuncios.

Monforte de Lemos, 17 de febreiro de 2020.- O ALCALDE, José Tomé Roca .

R. 0414

PANTÓN*Anuncio*

Pola Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria celebrada o día 30 de xaneiro de 2020, prestouse aprobación inicial o seguintes Padrón, correspondentes a lixo rural período 2º semestre de 2019, así como ó 6º bimestre do ano 2019 da taxa de auga-lixo-alcantarillado exercicio 2019:

-Padrón da taxa por abastecemento de auga e I.V.E. Sobre o seu consumo.

-Padrón da taxa por recollida do lixo.

-Padrón da taxa de alcantarillado.

-Por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuintes obrigados ó pago das taxas antes indicadas, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ó obxecto de que poidan ser examinados e presentalas reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formula ningunha reclamación contra os mesmos

ANUNCIO DE COBRANZA

-De conformidade co disposto no artigo 87.2 do Regulamento Xeral de Recaudación, aprobado polo Real Decreto 1684/1990, de 20 de decembro, na súa modificación dada polo Real Decreto 448/1995, de 24 de marzo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario para os Padróns citados, o comprendido entre os días 15 de febreiro de 2020 e o 14 de abril de 2020, ambos inclusive.